




# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

Web: www.concellodeboimorto.es



## REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA).

**CERTIFICO:** Que o Alcalde con data once de maio de dous mil doce, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 120 / 2012 **Data decreto:** 11/05/2012 **Descrición decreto:** Nomeamento persoal laboral temporal xerocultor/auxiliar de xeriatria para miniresidencia e centro de día de Boimorto.

## DON JOSE IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA )

Vista a creación da bolsa de traballo de persoal laboral temporal para Miniresidencia e Centro de día de Boimorto, e de acordo coas bases de convocatoria do Decreto 379/2011.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear como xerocultor/auxiliar de xeriatria a Antía Pérez Sandá con DNI 47389671B.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base oitava á presentación pola interesada de:

- Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto na Lei 531984 do 26 de decembro.
- Certificado médico acreditativo da posibilidade de desempeño dos labores propios da praza.
- Curriculum actualizado con copia cotexada de tódolos títulos.

**SEGUNDO.-** Notificar persoalmente o presente decreto á seleccionada, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite, unha vez presentada a documentación requirida, a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 15/05/2012.

Boimorto once de maio de dous mil doce

O Alcalde

Perante min:

A secretaria

Asdo.- D. Jose Ignacio Portos Vázquez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, en Boimorto a once de maio de dous mil doce.

Vº Pr.  
O Alcalde

Asdo.- Jose Ignacio Portos Vázquez

